IES Río Cabe

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**DEPARTAMENTO DIDÁCTICO :** LATÍN 4ºESO

CURSO 2022/23

**ANO ACADÉMICO :** 2022/2023

# INDICE

**ASPECTOSCOMÚNSDODEPARTAMENTO**


1 Datos xeraisdodepartamento 3
2 Lexislacióndereferencia 3
3 Aspectos xeraisdaprogramación.....4
3.a Contextualización
3.b ReferenciaasdirectricesxeraisfixadanoP.Educativo
3.c ReferenciaáincorporacióndaspropostasdaMemoriadocursoanterior
3.d Directricesparaaavaliación inicial
3.e LinguanaqueseimpartenasmateriasdoDepartamento


**ASPECTOSESPECÍFICOS DAMATERIADE LOMCE**


1. Contidossecuenciadosetemporalizados.....
2 Relaciónentreoscontidos,criteriosdeavaliación,competenciasclaveeestándares.....
2.a Estándaresdeaprendizaxe
2.b Graomínimodeconsecución
2.c Pesonacualificación
2.d Iinstrumentosdeavaliación
2.e Temastransversais
3. Metodoloxíadidáctica.....
a Estratexiasmetodolóxicas
b Outrasdecisiónsmetodolóxicas: agrupamentos,tempos,espazos, materias,recursos
4. Avaliacióninicial.....
a Procedementoparaaavaliacióninicial
b Criteriosparaaacreditacióndecoñecementosprevios,noseucaso.(Bacharelato)
5. Avaliacióncontinua.....
a Procedementoparaaavaliacióncontinua
b Instrumentosdeavaliaciónecriteriosdecorreccióndeexames
6. Avaliaciónfinal.....
a Quendebeir áavaliación final?
b Enqueconsistiráaproba?
c Comoseelaboraacualificaciónfinal?
d Aavaliación finalencasodeperdadodereitoaavaliación continua?
7. Avaliaciónextraordianria.....
8. Materiapendentedecursosanteriores.....
a Plandetraballo
b Prodedementoeinstrumentosdeavaliación
9. Avaliacióndoprocesodeensinoedaprácticadocente.....
a Procesode ensino
b Prácticadocente
10.Avaliacióndaprogramacióndidáctica.....
11.Atenciónadiversidade.....
12.Actividadescomplementariaseextraescolares.....
13.Constanciadeinformaciónaoalumnado.....

INDICE

ASPECTOSCOMÚNSDODEPARTAMENTO

| 1. DATOSDODEPARTAMENTO | | | |
|---|---|---|---|
| **PROFESOR/A..............** | **MATERIASQUEIMPARTE** | **CURSOS** | **GRUPOS** |
| **JUANJOSÉROSENDELÓPEZ** | Latín2ºBacharelato | 2ºBac. | 2ºB |
| | Latín 1ºBacharelato | 1º Bac. | 1ºB |
| | Grego I1º Bac.Adultos | 1ºBac. | A |
| | GregoII2º Bac.Adultos | 2º Bac | A |
| **NOELIA BESTEIRO BALADO** | Latín1ºBacharelatoAdultos | 1º Bac | A |
| | Latín2ºBacharelatoAdultos | 2º Bac. | A |
| | Latín4ºESO | 4º ESO | 4ºA/4ºB |

| 2. LEXISLACIÓNDEREFERENCIA |
|---|
| **ETAPA:BACHARELATO** |

**LOE:**

- Real Decreto, 1467/2007,polo que se establecen as ensinanzasmínimas correspondentes ábacharelato(BOE6noviembre2007).
- Decreto126/2008polo queseestableceaordenaciónеo currículodebacharelatonaComunidade autónoma deGalicia (DOG23de xuñode2008).
- Ordedo24dexuñode2008polaquesedesenvolveaorganizaciónеocurrículodasensinanzasdebacharelatonaComunidadeAutónomadeGalicia(DOG27dexuñode2008).
- Ordedo25dexuñode2008polaqueseestablecearelacióndemateriasoptativasnobacharelato,oseu currículoe se regulaa súa oferta(DOG27dexuñode 2008).
- Ordedo23desetembrode2008polaqueseamplíaaofertadeмateriasoptativasdobacharelatoese estableceoseu currículo(DOG 29 de setembrode2008).

**LOMCE:**

- LeiOrgánica8/2013,do9 dedecembro,paraamellorada calidadeeducativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundariaobrigatoriae dobacharelatona ComunidadeAutónoma de Galicia.

**ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

• Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

• ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de

decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para ocurso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

| ETAPA: E.S.O. (específicas) |
|---|
| **LOE:**<br>• Real Decreto,1631/2006, polo que se establecen as ensinanzasmínimas correspondentes áeducaciónsecundariaobrigatoria(BOE5de enerode2007).<br>• Decreto 133/2007 pola que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria naComunidadeAutónoma de Galicia(DOG13de xullode2007).<br>• Orde do**21 de decembro de 2007**pola que se regula a avaliación e cualificación doalumnado na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG7dexaneirode2008).<br><br>**LOMCE:**<br>• LeiOrgánica8/2013,do 9 dedecembro,paraamellora dacalidadeeducativa.<br>• Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundariaobrigatoriae dobacharelatona ComunidadeAutónoma de Galicia. |

## 3. ASPECTOSXERAIS

### a. CONTEXTUALIZACIÓNDAPROGRAMACIÓN

O**IES "Río Cabe"**, está situado na localidade de "Monforte de Lemos", na provincia de Lugo. Ocentro é grande, contando con un ciclo formativo de grao superior de guía, información e asistenciaturísticas en réxime de adultos e modular; ademais do grao medio das ensinanzas técnico deportivas naespecialidade de fútbol. Conta con 11 unidades da ESO; dúas delas son un programa de mellora daaprendizaxeeorendemento en3ºESOeunprogramadediversificación curricular en4ºdaESO.Taménexisten dúas aulas de apoio debido a presenza de alumnado con necesidades educativas especiaisprincipalmenteen1º e 2º da ESO.

Co que respecta ao Bacharelato a oferta se limita as modalidades de "Ciencias e Tecnoloxía" e"Humanidades e Ciencias Sociais" tanto no réxime xeral como no de adultos. Ademais tamén se podecursar a educación secundaria para persoasadultas.

A dotación de recursos é suficiente, posto que posúe biblioteca con acceso a internet, dúas aulasde informática con 24 e 18 ordenadores respectivamente e nas aulas de Bacharelato dispoñemos dunordenador e proxector.

A maioría dos alumnos/as teñen aprobadas todas as materias do curso anterior, de todos modos,como establece a Orde de 24 de xuño de 2008, non é preciso acreditar ningún coñecemento previo paracursara materia deLatín.

**Contexto-Zona:**

En canto ao **entorno** no que se ubica o centro hai que sinalar que é unha localidade de tamañomedio, situada no interior e con abundantes recursos naturais e artificiais. A maior parte da poboaciónadícasea actividadesrelacionadascoa agricultura,ganderíaou a hostalería e oturismo.

A maior parte dos servizos cos que conta a localidade están no centro urbano. Este concello tenunhaextensión de 202 Km$^2$e 19.817 habitantes.

Ademaisdosdouscentroseducativosdeensinoprimarioadscritosaesteinstituto,nesteConcellohaioutros2 IES,undelesubicado nosarredores.

## b.REFERENCIAÁSDIRECTRICESXERAISFIXADASNOPROXECTOEDUCATIVO

ParaaelaboracióndaProgramaciónDidácticaseguironseasinstruccónsindicadaspolaInspecciónEducativa.

TiveronsecomoreferenciaosobxectivosxerisdocentroeosobxectivosxeraisdaESOeBAC.Asímesmo síguense osprincipiosmetodolóxicosxeraisrecollidosnoPE.

## c. REFERENCIAÁ INCORPORACIÓNDASPROPOSTASDAMEMORIADOCURSOANTERIOR

A programación non presenta diferencias salientables con respecto á do curso anterior.

## d.DIRECTRICESPARAA AVALIACIÓNINICIAL

A avaliación inicial desenvolverase nas primeiras semanas do curso académico. O seu obxectivoé facilitar información sobre diversos aspectosdo alumnado, tales como o seu coñecemento acerca dasdestrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou concapacidades superiores á media do grupo. Dita información serviráó profesorado para programar asadaptaciónsnecesarias,asícomaasactividadesde reforzoou ampliaciónsefosenecesario.

Ométodoparaobter adevanditainformaciónserámedianteaobservacióndoalumnadonaaula.

## e. LINGUA NAQUESEIMPARTEN ASMATERIAS NODEPARTAMENTO(D.79/2010)

| MATERIA | ETAPA | CURSOS | LINGUA |
|---|---|---|---|
| Latín | Bacharelato,ESO | 1ºB,2ºB,4ªA | Galego |
| Grego | Bacharelato | 1ºA,2ºA | Galego |

## ASPECTOSESPECÍFICOSDAMATERIALOMCE

## 1. Contidossecuenciadosetemporalizados

Atemporalización ten un carácter orientativo, define a grandes trazos a distribución dos contidospara un ano académico da materia de Latín en 4º de bacharelato. Esta temporalización estará suxeita arevisións obviamente, segundo o curso avance, e os posíbles cambios deberán ser reflexados nas actasdasdiferentesreuniónsdo Departamento de Latin eGrego.

Pártesedosupostodeaproximadamente100sesiónslectivas,tendoencontaqueocursoescolarcomeza sobre o 8 de setembro e en 4ºESO remata a principios de xuño. As sesiónsasignadasa cada unha dasunidadesdidácticasserían asseguintes:

| Avaliación | UNIDADESDIDÁCTICAS | | | Referencia Librotexto | Temporalización | | Probas avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tema /U.D. | Bloque | Contido | | Mes | Sesións | |
| 1ªAvaliac. | | B1 | BLOQUE1:Bloque1.Olatín,orixedas linguas romances | | | | |
| | 1 | B1.1 | Marcoxeográficodalingua | Non hailibro detexto | Set. | 4 | |
| | | B1.2 | Oindoeuropeo.Linguasindoeuropeas efamilias lingüísticas. | | | | |
| | | B1.3 | LinguasdeEspaña:linguasromancesenonromances. | | | | |
| | | B1.4 | Palabraspatrimoniais,cultismosesemicultismos. | | | | |
| | | B1.5 | Nociónsbásicasdeevoluciónfonética,morfolóxicaesemánticadolatínao galegoeaocastelán | | | | |
| | 2 | B 2 | BLOQUE2:Sistemadelingualatina:elementos básicos | | | | |
| | | B2.1 | Orixes daescritura.Sistemas deescritura | | Out. Set. | 4 | |
| | | B2.2 | Orixedoalfabetolatino | | | | |
| | | B2.3 | Pronunciadolatín:tipos | | | | |
| | 3 | B 3 | BLOQUE3:Morfoloxía | | | | |
| | | B3.1 | Formantesdaspalabras | | Out. Nov. | 20 | |
| | | B3.2 | Tiposdepalabras:variables einvariables | | | | |
| | | B3.3 | Conceptodedeclinacióneconxugación | | | | |
| | | B3.4 | Flexiónnominal epronominal:substantivos,adxectivosepronomes. | | | | x |
| | 4 | B3.5 B3.6 | Flexiónverbal | | No.- Dec. | 20 | x |

| Avaliación | UNIDADESDIDÁCTICAS | | | Referencia Librotexto | Temporalización | | Probasavaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tema /U.D. | Bloque | Contido | | Mes | Sesións | |
| 2ªAvaliac. | | B4 | BLOQUE4: Sintaxe | | | | |
| | 5 | B4.1 | Elementosdaoración | | Xan. Feb. Mar.[1] | 36 | |
| | | B4.2 | Casoslatinos | | | | |
| | | B4.3 | Concordancia | | | | |
| | 6 | B4.4 | Oraciónsimple:oraciónsatributivasepredicativas. | | | | |
| | | B4.5 | Oracióncomposta:Oraciónscoordinadas. | | | | |
| | 7 | B4.6 | Construciónsdeinfinitivoedeparticipiomáistransparentes | | Feb. Mar. | 20 | x |
| | 8 | B 6 | BLOQUE6:Textos | | | | |
| | | B6.1 | Análisemorfolóxicaesintáctica. | | Xan. Feb. Mar.[1] | 36 | |
| | | B6.2 | Comparacióndasestruturaslatinascoasdaslinguaspropias. | | | | |
| | | B6.3 | Iniciaciónástécnicas detradución | | | | |
| | | B6.4 | Lecturacomprensivaecomentariodetextoslatinosorixinais,adaptadosoutraducidos | | | | |
| | | B6.5 | Producióndepequenostextospropiosenlingualatina. | | | | X |
| | 9 | B7 | BLOQUE7:Léxico | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 3ªAvaliac. | | B7.1 | Vocabulariobásicolatino:léxicotransparente;palabrasdemaiorfrec uencia. | Abr. | | 8 |
| | | B7.2 | Composiciónederivaciónculta.Lexemas,prefixosesufixos. | | | |
| | | B7.3 | Locuciónslatinasdeusoactual | | | |

| Avaliación | UNIDADESDIDÁCTICAS | | | Referencia Librotexto | Temporalización | | Probasav aliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tema/ U.D. | Bloque | Contido | | Mes | Sesións | |
| | | B5 | **BLOQUE5:Roma: historia,cultura,arteecivilización** | | | | |
| 3ªAvaliac. | 10 | B5.1 | PeríodosdahistoriadeRoma | | Abr. Mai. | 8 | |
| | | B5.2 | OrganizaciónpolíticaesocialdeRoma | | | | |
| | | B5.3 | Afamiliaromana | | | | x |
| | 11 | B5.4 | Mitoloxíaerelixión. | | Mai. | 8 | |
| | 12 | | | | Mai. Xuñ. | 8 | |
| | | B5.5 | Vidacotiá:vivenda,alimentaciónеindumentaria. | | | | |
| | | B5.6 | Espectáculos públicos:teatro,circoeanfiteatro. | | | | x |

TOTAL ........................................................................................................100 sesións
Orestodesesiónsdéixanse paraarealizacióndasdiferentesprobaseexamesdecadaavaliación.Ademais a duración de cada unidade é aproximada, e pode variar en función do grao decomprensiónacadadopolos/asalumnos/asencadamomento.

[1]É importante sinalarque os temas referidos á sintase e ó léxico deben ser impartidos de xeitosimultáneo, relacionando os aspectos teóricos coa práctica da tradución xa desde o primeiromomento. De ahí que lle asignemos o mesmo número de horas.O tema do infinitivo e participiodebeentendersecomounhaextensióndentrodasintaxe,máisquehorahadeentendersesesiónson de se fará unha referencia a estestemas enmaioroumenormedida.

| 1ªAval | Estándaresdeaprendizaxeavaliables/Indicadoresdelogro(1) | Criteriosdecualificacióneinstrumentosdeavaliación | Temastransversais |
|---|---|---|---|

| Te ma/ UD | Identif.c ontidos | Identif.c riterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares deaprendizaxe | Graomí nimoco nsec. | PesoCu alific. | Instrumentos | | | | | | | Temastransversais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | Prob .esc. | Prob oral | Trab ind | Trab grup | Cad Cla | Rúb (2) | Obs. | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| 1 | B1.1 | B1.1. | LAB1.1.1 | CMCCT CCECC AA CDC SC | Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa endistintos períodos a civilización romana, delimitando o seuámbitodeinfluencia esituando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos polasúarelevancia histórica. | 40% | 20% | 40% | | 20% | | | 40% | | | x | x | x | | | |
| | B1.2 | B1.2 | LAB1.2.1. | CD CAAC MCCT | Defineoindoeuropeoe recoñeceaslinguasindoeuropeaseassúas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonasdeexpansión. | 40% | 20% | 40% | | 20% | | | 40% | | | x | x | x | | | |
| | B1.2 | B1.3 | LAB1.3.1 | CSC CAA CD | Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa,diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e nonindoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas edelimita nunmapa aszonasonde seutilizan. | 40% | 20% | 40% | | 20% | | | 40% | | | | x | x | | | |
| | B1.3 | B1.4 | LAB1.4.1 | CSC CAA CD | IdentificaaslinguasquesefalanenEspaña,diferenciandopolasúa orixe romances e non romances, localiza nun mapa aszonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico daslinguasromancesfaladas | 40% | 20% | 40% | | 20% | | | 40% | | | | x | x | | | |
| | B1.4 | B1.5 | LAB1.5.1 | CCL CAA | Identificaediferenciapalabraspatrimoniais,cultismosese micultismos,en relación cotermo de orixe. | 40% | 5% | 50% | | 20% | | | 30% | | | x | | x | | | |
| | B1.5 | B1.6 | LAB1.6.1 | CCL CAA | Realizaevoluciónsdetermoslatinosaogalegoeaocastelán,aplic ando as regras fonéticas de evolución, e recoñecepalabras da súa lingua que sufriron procesos de evoluciónsemántica. | 40% | 5% | 50% | 20% | 50% | | | | | | x | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 2 | B2.1 | B2.1 | LAB2.1.1 | CD CCEC | Recoñecetiposdeescrituraeclasifícaosconsonteasúanatu rezae a súa función. | 40% | 5% | 50% | 20% | 30% | | | | | x | | | | | | |
| | B2.2 | B2.2 | LAB2.2.1 | CAA CD | Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo doabecedario latino, sinala as principais adaptacións que seproducenencadaunhadelas,recoñeceostiposdealfabetosus adosactualmenteen Europae relacionacada uncoas linguasque osempregan. | 40% | 10% | 50% | | 50% | | | | | | x | | | | | |
| | B2.3 | B2.3 | LAB2.3.1 | CCL | Leenvozaltatextoslatinosdecertaextensión coapronunciación correcta | 40% | 80% | | 100% | | | | | | | x | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 3 | B3.1 | B3.1 | LAB3.1.1. | CMCCT CCL | Descompón palabras nos seus formantes, sinalando ediferenciandolexemasemorfemas,eservíndosedestesparaidenti ficardesinenciase explicaro concepto deflexióne paradigma. | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | X | | | | | |
| | B3.2 | B3.2 | LAB3.2.1. | CAA CCL | Distinguepalabrasvariableseinvariables,explicaostrazosque permitenidentificalasedefinecriteriosparaclasificalas | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | x | | | | | |
| | B3.3 | B3.3 | LAB3.3.1. | CAA | Defineo conceptode declinación econxugación. | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | x | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CCL | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | B3.4 | B3.4 | LAB3.4.1. | CCL CAA | Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomesen latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaossegundoa súa categoría e asúa declinación. | 40% | 50% | 90% | 10% | | | | | | | x | | | | | |
| | B3.4 | B3.4 | LAB3.4..2 | CCL CAA | Declinapalabrasesintagmasenconcordancia,aplicandocor rectamente para cada palabra o paradigma deflexióncorrespondente | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | B3.5 | B3.5 | LAB3.5.1. | CCL CAA | Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbossegundoasúa conxugaciónapartirdoseuenunciado. | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | x | | | | | |
| 4 | B3.5 | B3.5 | LAB3.5.2 | CCL | Coñeceeidentificaasformasquecompoñenoenunciadodosverbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos deconxugación. | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | x | | | | | |
| | B3.5 | B3.6 | LA1B3.6.1. | CAA CCL | Explica o uso dos temas verbais latinos, identificandocorrectamente asformasderivadasde cadaun. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexandoconseguridadeosformantesqueexpresanesteacci dente verbal. | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | x | | | | | |
| | B3.5 | B3.6 | LAB3.6.2 | CAA CCL | Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente,pretéritoimperfecto,futuroimperfectoe pretéritoperfecto de indicativo. | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | x | | | | | |
| | B3.5 | B3.6 | LAB3.6.3 | CCL CAA | Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo depresenteactivoe o participio de perfecto. | 40% | 20% | 80% | 20% | | | | | | | x | | | | | |
| | B3.5 | B3.6 | LAB3.6.4 | CCL | Traducecorrectamenteaogalegoeaocasteländiferentes formasverbaislatinas. | | | | | | | | | | x | x | | | | | |

**LENDACOMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| CCL | Comunicaciónlingüística |
| CMCCT | Competenciamatemáticaecompetenciasbásicasencienciaatecnoloxía |
| CD | Competenciadixital |
| CAA | Competenciaaprenderaaprender |
| CSC | Competenciassociaisecívicas |
| CSIEE | Sentidodeiniciativaeespíritoemprendedor |
| CCEC | Concienciaeexpresiónsculturais |

**LENDATRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensiónlectora |
| EOE | Expresiónorale escrita |
| CA | Comunicaciónaudiovisual |
| TIC | Tecnoloxíasdainformaciónecomunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educacióncívica |
| PV | Prevencióndaviolencia |

1 **Apartirdecadaestándarpódesedeterminar“indicadoresdelogro”máisprecisosqueindiquenoniveldeadquisicióndomesmo.(Oinstrumentomáisidóneoéarúbrica)**

2 **Asrúbricassoenutilizarseparaavaliarasproduciónsdo alumnado:traballosdeaplicación, síntesesetextosescritos,..**

| 2ªAval | | | | | Estándaresdeaprendizaxeavaliables/Indicadoresdelogro(1) | Criteriosdecualificacióneinstrumentosdeavaliación | | | | | | | | | Temastransversais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tema/UD | Identif.contidos | Identif.criterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares deaprendizaxe | Graomínimoconsec. | PesoCualific. | Instrumentos | | | | | | | Temastransversais | | | | | | |
| | | | | | | | | Prob .esc. | Prob oral | Trab ind | Trab grup | Cad Cla | Rúb (2) | Obs. | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| 5 | B4.1 | B4.1 | LAB4.1.1. | CMCCT | Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textosadaptados, identificando correctamente as categoríasgramaticaispresentesnaspalabrasconflexióneexplicandoasfunciónsna oración. | 100% | 40% | 80% | | | | | 20% | | | x<br>X | | | | | |
| | B4.2 | B4.2 | LAB4.2.1. | CAA<br>CCL | Enumera correctamente os nomes dos casos que existen naflexión nominal e pronominal latina, e explica as principaisfunciónsque realizan dentro da oración. | 100% | 40% | 80% | | | | | 20% | | | X | | | | | |
| | B4.2 | B4.2 | LAB4.2.2 | CCL | Traduce correctamenteá súa linguaoscasoslatinos presentesnostextose redacta enlingualatinapequenasfrases,onde practica oseu uso. | 50% | 40% | 80% | | | | | 20% | | X | X | | | | | |
| | B4.3 | B4.3 | LA1B4.4.1 | CMCCT<br>CCL | Compara eclasificatiposde oraciónssimples,eidentificaeexplicaen cada caso assúascaracterísticas. | 100% | 40% | 80% | | 20% | | | | | X | X | | | | | |
| | B4.3 | B4.3 | LA4.3.1 | CCL | Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, eredacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seuuso | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 7 | B4.5 | B4.5 | LAB4.5.1 | CMCCT<br>CAACCL | Compara e clasifica tipos de oracións compostas, ediferénciaasdasoraciónssimples. | 100% | 40% | 80% | | 20% | | | | | X | X | | | | | |
| | B4.6 | B4.6 | LA1B4.6.1. | CAA<br>CCL<br>CCL | Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construciónsde infinitivo e participiomáis transparentes, e analízaas etradúceascorrectamente. | 100% | 40% | 80% | | 20% | | | | | X | X | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 8 | B6.1 | B6.1 | LAB6.1.1. | CAA<br>CCL | Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica,sintácticaesemánticadetextosdedificultadegradua da,para efectuarcorrectamenteasúatraduciónouretroversión. | 100% | 40% | 80% | | 20% | | | | | x | x | | | | | |
| | B6.2 | B6.2 | LA1B6.2.1. | CAA<br>CCL | Utilizamecanismosdeinferencia paracomprender textosdexeitoglobal,relacionandoestruturaslatinasconoutras equivalentesnaslinguasquecoñece. | 60% | 40% | 80% | | 20% | | | | | X | x | | | | | |
| | B6.3 | B6.3 | .LAB6.3.1. | CAA<br>CCL | Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando ainformaciónqueproporcionan,paratraducirpequenostextos. | 80% | 40% | 50% | | 30% | | | 20% | | x | x | | x | | x | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B6.4 | B6.4 | LAB6.4.1. | CCLC CEC | Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturaispresentes nos textos seleccionados, aplicando para iso oscoñecementos adquiridos previamente nesta ou noutrasmaterias. | 50% | 40% | | | | | | | | | | x | | x | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B6.4 | B6.4 | LAB6.4.2 | CCL | Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textospropostos,localizandootemaprincipaledistinguindoassúa spartes. | 20% | 40 % | | | | | | | | | x | | | | | |
| B6.5 | B6.5 | LAB6.5.1 | CCL | Redactafrasessinxelasou pequenostextose nlatínsobreuntemaproposto. | | 40% | | | | | | | | | | | | | | |
| B6.5 | B6.6 | LAB6.6.1 | CCL | Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun temapreviamenteacordado | | 40% | | | | | | | | | | | | | | |

**LENDACOMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| **CCL** | **Comunicaciónlingüística** |
| **CMCCT** | **Competenciamatemáticaecompetenciasbásicasencienciaatecnoloxía** |
| **CD** | **Competenciadixital** |
| **CAA** | **Competenciaaprenderaaprender** |
| **CSC** | **Competenciassociaisecívicas** |
| **CSIEE** | **Sentidodeiniciativaeespíritoemprendedor** |
| **CCEC** | **Concienciaeexpresiónsculturais** |

**LENDATRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| **CL** | **Comprensiónlectora** |
| **EOE** | **Expresiónoraleescrita** |
| **CA** | **Comunicaciónaudiovisual** |
| **TIC** | **Tecnoloxíasdainformaciónecomunicación** |
| **EMP** | **Emprendemento** |
| **EC** | **Educacióncívica** |
| **PV** | **Prevenciióndaviolencia** |

**2.1 Apartirdecadaestándarpódesedeterminar“indicadoresdelogro”máisprecisosqueindiquenoniveldeadquisiciómdomesmo.(Oinstrumentomáisidóneoéarúbrica)**

**2.2 Asrúbricassoenutilizarseparaavaliarasproduciónsdo alumnado:traballosdeaplicación,síntesesetextosescritos,..**

| 3ªAval | | | | | Estándaresdeaprendizaxeavaliables/Indicadoresdelogro(1) | Criteriosdecualificacióneinstrumentosdeavaliación | | | | | | | | | Temastransversais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tema/UD | Identif.contidos | Identif.criterios | Identific Estándar | Competencias clave | Estándares deaprendizaxe | Graomínimo consec. | PesoCualific. | Instrumentos | | | | | | | Temastransversais | | | | | | |
| | | | | | | | | Prob .esc. | Prob oral | Trab ind | Trab grup | Cad Cla | Rúb (2) | Obs. | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| 9 | B7.1 | B7.1 | LAB7.1.1. LAB7.1.2. | CAA CCL CD | Deduce o significado de termos latinos non estudados,partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.Identifica e explicaaspalabrastransparentesede maiorfrecuencia. | 40% | 10% | 80% | | | | | | | | x | | | | | |
| | B7.2 | B7.2 | LAB7.2.1. | CMCCT CCL | Identificae explicaosprincipaisprefixosesufixos,analizandooseu mantemento na propialingua. | 40% | 30% | 80% | | | | | 20% | | | x | | | | | |
| | B7.3 | B7.3 | LATB7.3.1. | CAA CCL | Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da linguapropiae explicaa partir desta o seusignificado. | 40% | 10% | 50% | | 50% | | | | | | x | | | | | |
| | B7.3 | B7.4 | LAB7.4.1. | CD CSC CCEC CCL | Coñece o significado das principais locucións latinas de usoactualesabeempregalasnoseucontextoaxeitado,candosee xpresanasúapropialingua. | 40% | 20% | 80% | | 20% | | | | | | x | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 10 | B5.1 | B5.1 | LAB5.1.1 LAB5.1.2 | CSCC SIEEC CEC CCL CAA | DistingueasetapasdahistoriadeRoma,explicandoosseustrazos esenciais e as circunstancias que interveñen no pasodeunhasa outras. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no períodohistóricocorrespondente | 40% | 15% | 50% | | 50% | | | | | | x | | x | | | |
| | B5.1 | B5.1 | LAB5.1.4 | CMCCT CD CAA | Pode elaborareixescronolóxicosnosquese representanfitos históricos salientables, consultando diferentes fontes deinformación. | 40% | 15% | 50% | | | 50% | | | | | x | x | x | | x | |
| | B5.1 | B5.1 | LAB5.1.4 | CSC CCEC CCL | Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, eexplica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súasprincipaisconsecuencias. | 40% | 15% | 50% | | 50% | | | | | | x | x | x | | x | |
| | B5.2 | B5.2 | LAB5.2.1. | CSIEE CSC CCL | Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formasdeorganización do sistema políticoromano. | 40% | 25% | 50% | | 30% | 20% | | | | | x | | x | | x | |
| | B5.2 | B5.2 | LAB5.2.2. | CSIEE CDCS CCCL | Describe a organización e a evolución da sociedade romana,explicando as características das clases sociais e os papeisasignados a cada unha, relacionando estes aspectos cosvalores cívicos existentes na época e comparándoos cosactuais | 40% | 15% | 50% | | | | | 50% | | | x | | x | | x | x |
| | B5.3 | B5.3 | LAB5.3.1. | CSC CCLC CEC | Identificae explicaospapeisque desempeña dentro da familiacada undosseusmembros,eanaliza através delesosestereotiposculturaisdaépoca e ncomparacióncosactuais. | 40% | | | | | | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 11 | B5.4 | B5.4 | LAB5.4.1 | CMCCT CCL CSCC CEE | Identifica os principais deuses, semideuses e heroes damitoloxíagrecolatina,sinala ostrazosque oscaracterizan eestablecerelaciónsentreosdeusesmáisimportantes. | 40% | 40% | 80% | | 20% | | | | | x | x | | x | | x | |
| | B5.4 | B5.5 | LAB5.5.1 | CAAC CECC D | Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico edafigura doheroe nanosa cultura,esinalaassemellanzaseas principais diferenzas que se observan entre ambos ostratamentos. | 40% | 40% | 50% | | | 30% | | 20% | | x | x | | x | | x | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | B5.5 | B5.6 | LA1B5.6.1. | CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA | Distingue e describeomodo devidaen Romano ámbito privado,analizandoostiposdevivenda,alimentación, vestimentaecoidadopersoalecontrástaoscosda actualidade. | 40% | 10% | 20% | | | 50% | | 20% | | x | x | | x | | x | |
| | B5.5 | B5.7 | LAB5.7.1. | CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC | Describe ascaracterísticasdostiposde espectáculospúblicos celebradosnoteatro,no circoeno anfiteatro,valoraoseu mantementonomundoactualesitúanunmapaosteatros,os circoseosanfiteatrosconservadosmáisimportantes. | 40% | 5% | 20% | | | 50% | | 20% | | x | x | | x | | | |
| 12 | B5.4 | B5.7 | LA1B5.7.1. | CSC CMCCT CCL CCEC | DistinguearelixiónoficialdeRomadoscultosprivados, explicandoostrazosque llessonpropios,edescribeas principaiscaracterísticasdosritosfunerariosromanos, distinguindoassemellanzase asdiferenzasque presentan cosdehoxe endía. | 40% | 10% | 30% | | 20% | 50% | | | | x | x | | x | | x | |

**LENDACOMPETENCIAS**

| | |
|---|---|
| **CCL** | **Comunicaciónlingüística** |
| **CMCCT** | **Competenciamatemáticaecompetenciasbásicasencienciaatecnoloxía** |
| **CD** | **Competenciadixital** |
| **CAA** | **Competenciaaprenderaaprender** |
| **CSC** | **Competenciassociaisecívicas** |
| **CSIEE** | **Sentidodeiniciativaeespíritoemprendedor** |
| **CCEC** | **Concienciaeexpresiónsculturais** |

**LENDATRANSVERSAIS**

| | |
|---|---|
| **CL** | **Comprensiónlectora** |
| **EOE** | **Expresiónorale escrita** |
| **CA** | **Comunicaciónaudiovisual** |
| **TIC** | **Tecnoloxíasdainformaciónecomunicación** |
| **EMP** | **Emprendemento** |
| **EC** | **Educacióncívica** |
| **PV** | **Prevencióndaviolencia** |

**2.2.1** **Apartirdecadaestándarpódesedeterminar“indicadoresdelogro”máisprecisosqueindiquenoniveldeadquisicióndomesmo.(Oinstrumentomáisidóneoéarúbrica)**

**2.2.2** **Asrúbricassoenutilizarseparaavaliarasproduciónsdo alumnado:traballosdeaplicación, síntesesetextosescritos,..**

## 2. Metodoloxía didáctica

### a)Estratexiasmetodolóxicas

#### 2.2.2.1 Aspectosxerais

- Valoracióndascompetenciaspreviasdoalumnado,especialmenteaexpresiónoraleescrita.
- Unificarcriteriose ritmosde aprendizaxenamedida doposible.
- Potenciar asmetodoloxíaactivas:
  - Combinar traballoindividualecooperativo
  - Fomentar evalorar aparticipaciónactivaen clase,sendofundamentala oral
  - Discusión e implicación persoal nos temas que así o permitan, v. gr. a Rep´´ublicaromana,asclasessociais,a escravitude,o papel damuller,...
  - Incentivarasactividadesdesíntese.

- Enfoqueorientado árealización dastarefasde análisee tradución
- Lecturadetextostraducidosdeespecialsignificado
- Lecturadetextosorixinaisparaextraeraidea principal
- Lecturadeobrasefragmentosrepresentativosdaliteraturagrega
- Uso racionaldas TIC, facendo fincapé nas estratexias de búsqueda. Visualización daquelesapartados,especialmenteculturais,dadoo abundantísimomaterialdispoñiblenarede.
- Papelfacilitadordoprofesor/a

#### 2.2.2.2 Estratexiasmetodolóxicas

- Memorizacióncomprensiva
- Indagacióneinvestigaciónsobredocumentos,textos,prensa,…
- Elaboración de esquemase resumos
- Análisededocumentos,gráficos,mapas,táboasdedatos
- Comentariodetextos,gráficos,mapas
- Tradución defrasessinxelas
- Traducióndefrasescomplexas,que nondifíciles
- Tradución detextossinxelos
- Lecturaguiada e comentariodetextosdeautores
- Análise doléxicolatinonoplano etimolóxico
- Visualizaciónde esquemashistóricos,culturaisemitolóxicos
- Estudiocomparativodeaspectospolíticos, sociais,relixioosos
- Lecturadirectadeobrasliterariaslatinas,benenteiras(teatropreferiblemente)benfragmentos

### 2.2.2.3 Secuenciaciónhabitualdetraballo naaula

**ODeseñodaaprendizaxe**vounoestruturarenTRESfasesbásicas,adaptablesascaracterísticaspro piasde cada grupo:

1.- <u>Fase inicial</u>: O inicio de cada Unidade Didáctica, o profesor fará unha introdución á mesma,que incluirá os obxectivos a conseguir e comentará co grupo os coñecementos previos que podan tersobre a materia, para detectar as ideas preconcebidas e motivar e despertar interés hacia o tema atravésdo diálogo cosalumnos/as.

2.- <u>Fase directiva</u>: pasaremos logo a explicar os contidos conceptuais intercalandoactividadesde aprendizaxe, como poden ser realizar esquemas, mapas conceptuais,resolverexercicios e realizarejercicios dd tradución; o profesor fará labores de coordinación e orientación, prestando especialatención os grupos de alumnos/as que teñan máis dificultades e propondo en caso de ser necesario*actividadesdereforzoouampliación*.Afinalidadedasactividadeséfacilitaracomprensióneinterpret ación dos contidos conceptuais, e aplicar os coñecementos adquiridos a comprensión dostextosgregose,na medidado posible,dominaroralmentefrasesmoi sinxelasde situaciónscotiás.

3.- <u>Faseautónoma</u>:ófinalizarcadaunidadedidáctica,seproporánaosalumnos/asaresoluciónaquelas actividades que faciliten a mellor comprensión do tema e o seu estudo, facendo fincarénainterpretacióne comentariode textosgregos.

4.-<u>Fasetrófica</u>: tras finalizar o proceso de aprendizaje, e como situación ideal, é importanteque o alumno traslade e interiorice na súa vida persoal aspectos básicos que lle axuden a unha mellorcomprensión do mundo no que vive e a unha interactuación máis consciente no plano social;

## b)Outrasdecisiónsmetodolóxicas:agrupamentos,tempos,espazos,materias,recursos

**A utilización de libros e material de actividades propostas polo profesor será habitual, e porsupostoInternetque éhoxe aprincipalfontededatos quepodemoster a man.**

**Normalmente utilizaremos a aula do curso correspondente asignada pola Xefatura de Estudos ecando o profesor o necesite faremos uso da aula de informática, a biblioteca ou unha aula dotadaconpantaia eproxector.**

**Os alumnos/as non terán libro de texto obligatorio. No seu lugar empregaremos fichas, textos,apuntes que tomarán en clase. Tamén empregaremos recursos TIC. Pensamos que este sistema émáis axeitado e flexible que un libro de texto e permite personalizar máis un curso de iniciaciónquedeberesponder ásnecesidades do-a alumno-a.**

# 3. Avaliacióninicial

## a) Procedementopara aavaliación inicial

Aavaliacióninicialdesenvolverasenas primeirassemanasdocursoacadémico.Oseuobxectivo é facilitar información sobre diversos aspectosdo alumnado, tales como o seu coñecemento acerca dasdestrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou concapacidades superiores á media do grupo. Dita información serviráó profesorado para programar asadaptaciónsnecesarias,asícomaasactividadesde reforzoou ampliaciónsefose necesario.

Ométodoparaobter adevanditainformaciónserámedianteaobservacióndoalumnadonaaula.

## b) Criteriosparaaacreditacióndecoñecementosprevios,noseucaso.(ESO)

Nonsecontemplannestamateria, xaquesegundoalexislaciónvixentenonsonnecesarios

## 4. Avaliacióncontinua

### a)Procedementopara aavaliacióncontinua

Encadaavaliaciónfaransedúasprobasescritasnasquesemediránoscontidosconceptuaiseprocedementais.

O Baremodanotadeavaliaciónseráoseguinte:

- **Probasescritas(exames)**…………………………………......
  **60%danota**
  - Aavaliación continuaseráanormanoscontidos lingüísticos.
  - Asprobasescritaspodenconstardepreguntasconceptuaissobreo temario,deaplicaciónpráctica,oudeambos tiposdecuestións. Xeralmente, estaránpuntuadasde0a10.
  - Ofeito dequeun alumnosexacollidocopiandonunexame,poderálevarconsigo queaavaliaciónácalpertenzaoexame, llesexacualificadacoanotamínima.
- **Actividades**..............................................................................
  **40%danota**
  - Realización dastarefasindicadaspoloprofesorquesedebenrealizarnaaula.
  - Elaboracióndetraballosindividuaisouenequipo.
  - Resolucióndefollasdeexercicioseactividadesfacilitadaspoloprofesor.

Osistemadebaremación aquíindicadononexclúequeoprofesoropoidareaxustar en aspectosconcretossiseapreciancircunstanciasqueasíoaconsellen,talescomopodenseronivelinicialdo/aalumno/a,assúascapacidadesdeaprendizaxe,etc.

### b)Instrumentosdeavaliaciónecritériosdecorreccióndeexames

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|---|---|
| **Probasescritas** | 2examespor avaliación. |
| **Traballosindividuais** | Cuestionario de actividades, por sorpresa, a resolver na aula co materialexclusivode cada alumno. |
| **Traballosengrupo** | Realización de traballos monográficos e a súa posterior exposición enclase. |
| **Probasorais** | Adiarioenclase,formaránpartedaobservaciónporpartedoprofesor. |
| **Traballonaaula** | Esquemas dos diferentes temas, resolver teóricas e aplicar as técnicasaprendidasaostextospropostos. |
| **Observaciónerexistro** | • De non acudir a unha proba escrita, só se lle repetirá a mesma, aaqueles alumnos que presenten o mesmo día que se incorporan aocentro, xustificación médica ou de deberinescusable, de carácterpúblicoouprivadoparaanonasistenciaaditaproba.Adatadaprobaseráfixada poloprofesordamateria.<br>• Anotaraseaasistenciaepuntualidadedoalumno.<br>• Anotaraseaactitude<u>negativa</u>doalumnoenformadeapercibimentoseonúmero de interrupcións , que non veñen ao caso, perante asexplicaciónsdamateria.Comunicaraseaoalumnonaaula,quedandoconstanciano libro do profesor.<br>• Anotarase a actitude <u>positiva</u> cando, requerida a súa participaciónexplícita ou voluntaria, nas actividades da aula a súa colaboración éabsolutamentecorrecta.Comunicaraseaoalumnonaaula,quedando constancianolibrodoprofesor. |

**CRITERIOSXERAIS DE CORRECCIÓNDEEXAMES:**

Na corrección de exames, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exerciciosteóricoscomo nosprácticos:

- Claridadenosrazoamentos.
- Orde,presentaciónelimpeza.Osexamesseránrealizadosconbolígrafoazulounegro.Nonsepermitea utilización dolapis.
- Coherencianaexposición, oralouescrita.
- Faltasdeortografíae errosgramaticais.
- As preguntas teóricasdeben estar ben razoadas,afondando nos conceptos a aplicar e nondeixando ningún aspecto sen xustificar. En aquelas cuestións tipo test, nas que se lle ofrece ao/áalumno/a varias posibles respostas, a simple elección dunha delas, aínda que sexa a correcta,nonsuporápuntuaciónalgunhase arespostanonestácorrectamenterazoadaexustificada.
- Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido daresposta ó que se pregunta,a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e áutilización axeitada dos conceptos fundamentais. Tamén se valorará positivamente a elaboraciónduneesquema-guión no que se resumaocontido daresposta.
- Norelativoáspreguntasprácticas(frases,textos),navaloracióndecadaundosapartadosteraseen conta non só o resultado final, senón tamén a corrección sintática, a coherencia do enunciadoe a propiedade léxica. Resultará fundamental que as traducións garden relación co texto latino noplanomorfosintáctico,evitando atraduciónintuitiva.
- Ofeitodequeunalumno/asexacollido/acopiandonunexame,poderálevarconsigoqueaprobaácalperte nza o exame,llesexa cualificada cun ceroeexpulsado do mesmo.

## 5. Avaliaciónfinal

### a)Quen debeiráavaliaciónfinal

Ó final do curso realizarase un exame final da asignatura, ó que terá que presentarse o alumnado queteña nese momento algún apartado dunha avaliación/s suspensa/s ou. Ó tratarse dunha avaliacióncontinua nos contados de lingua, no examen final enténdese que se refireá totalidade de ditos contidos,Os apartados referidos á cultura, historia, historia… poderán ser avaliados mediante a presntacción detraballoserúbricas.

### b) Enqueconsistiráa proba?

O exame correspondente versará sobre os contidos impartidos en toda a avaliación ouavaliacións non superadas, independentemente dos resultados obtidos en cada unha das probasrealizadasdurante amesma.

### c) Comoseelabora acualificaciónfinal?

O alumnado que ten aprobadas as 3 avaliacións, calcularáselle a nota da avaliación ordinaria facendo asumada nota daúltima avaliación,asnotasde clase,actitude e traballos.

Nocasodosalumnosqueseteñanquepresentaraoexamefinal,acualificacióncalcurasedoseguinte xeito:70% da nota no examefinalmáiso 30% dosaspectosmencionados.

### d)Aavaliación finalencasodeperdadodereitoaavaliación continua?

Osalumnos/asperdeno dereitoaavaliacióncontinuanocaso deabandonaraasignaturaeneste casoaplicaraseoPROTOCOLODEABANDONOaprobadonocentroequefiguranoProxectoEducativo.Segundoe ste protocolo considérase abandonose:

- Oalumno/anonrealizaasactividadesoutraballosnaclase,apesardeteractividadesax eitadasó seu niveldecompetenciacurricular.
- Nontraeomaterialnecesarioparaonormaldesenvolvementodasactividades.
- Entrega osexamesen brancodeformareiterada.

- Manifestaverbaleexplicitamenteoabandonodamateria.
- Queexistaabsentismoescolarsenxustificación.

Actuaciónporpartedo profesor:

1.- O profesor informará o titor da actitude do/a alumno/a na materia e tratará de falar cos paisdestefeito,explicándollesasconsecuenciasqueditaactitudepodeter.TaménseinformaráaXefaturadeEstudosde tal circunstancia.

2.- Oterceiroavisodoprofesorconsiderasequexahaiabandono.

OfinaldocursorealizaraseunExameFinaldamateria,queseráfixadopolaXefaturadeEstudos. A estaprobadeberápresentarseoalumno/aqueperdaodereitoáavaliacióncontinua.

## 6. Avaliaciónextraordinaria

Non se contempla avaliación extraordinaria.

## 7. Materiapendentedecursosanteriores

### a) Plandetraballo

- Paraoalumnadoqueteñapendenteestamateriadeanos anteriores,oDepartamentoelaborarávariasprobasadesenvolver aolongodocursocoobxectodequepodansuperar ditaasignatura.
- Ócomezodocursoinformaraseaosalumnosacercadasprobaseoscontidosdosquesedeberánexaminar,asícomo dasdatasdasmesmas.
- OsexamesdependentesseránelaboradosecorrixidosenconxuntoportódolosmembrosdoDepartamento.

### b)Procedementoseinstrumentosde avaliación

- Faranseprimeiramentedousexamesparciaisqueseguiránamesmaordedoscontidosexplicadosdurante o curso anterior, dividindo a materia en dúas partes. O primeiro exame farase durante oprimeirotrimestre docurso,e o segundoexame duranteo segundotrimestre.
- Oalumnado que supere oscontidosdosdousexamesparciais,terá aprobada amateria.
- Seundos exames estásuspensoeooutroaprobado,poderácompensarseunhanotacoaoutracalculando amediaaritmética.
- Paraaquelesalumnos/asqueteñanalgúnexamesuspenso,faraseduranteomesdemaiounexamederepesca,ondesedeberánpresentar aaquelaspartesqueteñansensuperar.

## 8. Avaliacióndoprocesodeensinoeda prácticadocente

Énecesarioqueoprofesorleveacabouncontroldoseutraballoparacomprobaraeficaciadomesmo, valorandoasúarelacióncoalabordocente,coalumno/aecoamateria.Osindicadoresdelogroserecollennos dous seguintes cuestionarios, que se cubrirán ao final do curso e incorporaránse na memoria doDepartamento.

### a)Procesodeensino

| Procesodeensino: | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.-Oniveldedificultadefoiadecuadoás característicasdoalumnado? | | | | |
| 2.-Conseguiusecrearunconflitocognitivoquefavorezaa aprendizaxe? | | | | |
| 3.-Conseguiusemotivarparaconseguirasúaactividadeintelectualefísica? | | | | |
| 4.-Conseguiuseaparticipaciónactivadetodoo alumnado? | | | | |
| 5.-Contousecoapoioeimplicacióndasfamiliasnotraballodoalumnado? | | | | |
| 6.-Mantívoseuncontactoperiódicocoafamiliaporpartedoprofesorado? | | | | |
| 7.-Tomousealgunhamedidacurricularparaatenderalalumnadocon NEAE? | | | | |
| 8-Tomousealgunhamedidaorganizativapara atenderalalumnadoconNEAE? | | | | |
| 9.-Atendeuseadecuadamenteádiversidadedo alumnado? | | | | |
| 10.-Usáronsedistintosinstrumentosdeavaliación? | | | | |
| 11.- Dáseunpesorealáobservacióndotraballonaaula? | | | | |
| 12.-Valorouseadecuadamenteotraballocolaborativo doalumnadodentrodo grupo? | | | | |

### b)Prácticadocente

| Prácticadocente: | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1.-Comonormaxeral fanaseexplicaciónsxeraisparatodo oalumnado | | | | |
| 2.-Ofréceseacada alumno/aasexplicaciónsindividualizadasqueprecisa? | | | | |
| 3.-Elabóranseactividades dedistintadificultadeatendendo ádiversidade | | | | |
| 4.-ElabóranseprobasdeavaliacióndedistintadificultadeparaosalumnosconNEAE? | | | | |
| 5.-Utilízansedistintasestratexiasmetodolóxicasen funcióndostemasatratar? | | | | |
| 6.-Intercálaseotraballoindividual eenequipo? | | | | |
| 5.-Poténcianseestratexiasdeanimaciónálecturaedecomprensióneexpresiónoral? | | | | |
| 6.-IncorpóranseásTICaosprocesosdeensino -aprendizaxe | | | | |
| 7.-Préstaseatención aostemastransversais vinculadosacada estándar? | | | | |
| 8.-Ofréceseao alumnadodeformainmediataosresultadosdasprobas/exames,etc? | | | | |
| 9.- Coméntasecoalumnadoosfallosmáissignificativosdasprobas/exames,etc? | | | | |
| 10.-Dáselleaoalumnadoaposibilidadedevisualizarecomentarosseusfallos? | | | | |
| 11.-Caléograo deimplicaciónnasfunciónsdetitoríaeorientacióndoprofesorado? | | | | |
| 12.-RealizáronseasACSpropostaseaprobadas? | | | | |
| 13.-Asmedidasdeapoio,reforzo,etc establécensevinculadas aos estándares | | | | |
| 14.-Avalíasea eficaciadosprogramasdeapoio,reforzo,recuperación,ampliaciÓn,..? | | | | |

## 9.

**Avaliacióndaprogramacióndidáctica**

- Reunións de departamento, nas que se analizará o grao de avance na materia en relación áprogramación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativos doalumnado.
- Memoria de final de curso, onde se reflexarán os contidos impartidos da programación anual,cambios propostos na mesma para sucesivos cursos ou problemas á hora de poñer en práctica oacordadona mesma.
- Ademais, darémoslle resposta ao seguinte cuestionario ao final de curso e o incroporaremos ámemoriado Departamento:

| Mecanismodeavaliaciónemodificacióndeprogramacióndidáctica | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| (Indicadores delogro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.-Deseñáronseunidadesdidácticasoutemasapartirdoselementosdocurrículo? | | | | |
| 2.-Secuenciáronseetemporalizáronseasunidadesdidácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.-Odesenvolvementodaprogramaciónrespondeuásecunciaciónetemporalización? | | | | |
| 4.-Engadiusealgúncontidononprevistoáprogramación? | | | | |
| 5.-Foinecesarioeliminaralgúnaspectodaprogramaciónprevista? | | | | |
| 6.-Secuenciáronseosestándaresparacadaunhadasunidades/temas | | | | |
| 7.-Fixouseun graomínimo deconsecución decada estándarparasuperaramateria? | | | | |
| 8.-Asignouseacada estándaropesocorrespondentenacualificación? | | | | |
| 9.-Vinculousecada estándaraun/variosinstrumentosparaasúaavaliación? | | | | |
| 10.-Asociouseconcadaestándarostemastransversaisa desenvolver? | | | | |
| 11.-Fixouseaestratexiametodolóxicacomúnparatodoodepartamento? | | | | |
| 12.-Estableceusea secuencia habitualdetraballonaaula? | | | | |
| 13.-Sonadecuadososmateriaisdidácticosutilizados? | | | | |
| 14.-Olibrodetextoéadecuado,atractivoedefácilmanipulaciónpara oalumnado? | | | | |
| 15.-Deseñouseunplandeavaliacióninicialfixandoasconsecuenciasdamesma? | | | | |
| 16.-Elaborouseunhaprobadeavaliacióninicialapartirdosestándares? | | | | |
| 17.-Fixouseparaobacharelato unprocedementosdeacreditacióndecoñecementosprevios? | | | | |
| 18.-Establecéronsepautas xeraisparaaavaliacióncontinua:probas,exames,etc. | | | | |
| 19.-Establecéronsecriteriosparaarecuperacióndunexameedunhaavaliación | | | | |
| 20.-Fixáronsecriteriosparaaavaliaciónfinal? | | | | |
| 21.-Establecéronsecriteriosparaaavaliaciónextraordinaria? | | | | |
| 22-Establecéronsecriteriosparaoseguimentodemateriaspendentes? | | | | |
| 23.-Fixáronsecriteriosparaaavaliacióndesasmateriaspendentes? | | | | |
| 24.-Elaboráronseoexamestendoen conta ovalordecadaestándar? | | | | |
| 25.-Definíronseprogramasdeapoio,recuperación,etc.vinculadosaosestándares? | | | | |
| 26.-Leváronsea caboasmedidasespecíficasdeatenciónao alumnadoconNEE? | | | | |
| 27.-Leváronsea caboasactividadescomplementariaseextraescolaresprevistas? | | | | |
| 28.-Informouseásfamiliassobrecriteriosdeavaliación,estándareseinstrumentos? | | | | |
| 29.-Informouseásfamiliassobreoscriteriosdepromoción?(Artº21º,5doD.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuseerevisouseaprogramaciónaolongodocurso | | | | |
| 31.-Contribuíusedesdeamateriaaoplandelecturadocentro? | | | | |
| 32.-UsáronseasTICno desenvolvementodamateria? | | | | |

## 10.Atención adiversidade

Amiñaprogramaciónseráabertaeflexible,parapoderatenderádiversidadedoalumnadoeintentarprevir ou evitar a aparición de dificultades de aprendizaxe. Para iso é importante personalizar o procesodeensinanza-aprendizaxeefomentarqueoalumnadotraballeencolaboraciónafindeconseguirsuperarasdeficienciasde cada un.

As actividades de clase deben atender principalmente ao traballo en equipo e á axuda recíprocaentre os alumnos/as.Ademais o diálogo profesor-alumnos/as debeser continuo a fin de facilitar aadaptacióndedeterminadasactividadesó niveldecoñocementosecapacidadesdecadaalumno/a.

Paraaatenciónadiversidadetentareiadoptar asseguintesmedidas:

- Propor actividadeseexerciciosdereforzoouampliaciónaosalumnos/asqueonecesiten.
- Priorizar oscontidosenfunción dosseusinteresese motivacións.
- Partirdoscoñecementospreviosdosalumnos/as.
- Variedadedecontidos(procedimentais,conceptuaiseactitudinais)
- Tratareidepresentaroscontidosinterrelacionadosebuscando,namedidadoposible,aplicaciónsreaisdos mesmos.
- Presentaciónvariadadomaterial.
- Priorizar ofacerdosalumnos/as.
- Descompoñeratarefa enpequenospasos,domáissinxeloomáiscomplexo.

Non obstante, as opcións metodolóxicas escollidas, eminentemente activas, e a variedade dasactividadesdeaprendizaxedebencontribuíraestaatenciónindividualaoalumno.Excluídasdobacharelatoa smedidasextraordinariasdeatenciónádiversidade,só quedacomomanifestación claradeatención á diversidade, o conxunto de aspectos, estratexias, recursos ou procedementos que permitenafrontaredarrespostaádiversidadeindividualdecapacidades,intereses,estilos,ritmosedificultadesd eaprendizaxe.

Se coa práctica docente diaria se observase na aula a existencia de alumnos con especiaiscaracterísticas tales que requirisen formulacións particulares, ofrecerase a estes alumnos/as, co apoio easesoramentodoDepartamentodeOrientación,víasadaptadasássúasnecesidades.Estasvíasespecíficas buscarían o máximo desenvolvemento das súas capacidades para que puidesen acceder ametasiguaisáspropostasósseuscompañeiros

## 11.Actividadescomplementariaseextraescolares

É conveniente que se faga algunha actividade **complementaria**(dentro do horario escolar e deobrigado cumprimento) ou **extraescolar**(fora do horario escolar e de xeito case ineludible) para que osalumnos/ascomproben a aplicación prácticadoscontidos.

Realizaremos unha saída dun día a aqueles lugares que teñan un interés histórico relevante,compatidosempre coamateria deGrego.

Ademais asistireremos á **representación anual de teatro clásico** que vén desenvolvendo aSEEC deGalicia.

Opcionalmenteparticiparemosnaquelesconcursosdetemáticaclásicaqueosalumnosealumnasteñan a ben considerar.

## 12.Constancia deinformación aoalumnado

Oprofesor destinará unha sesión a principio do curso para informar ao alumnado da programación damateria.

O alumnado ten a posibilidade de consultar a programación didáctica en calquera momento. Estadispoñibilidadepode serde dúasformas:

- PreviapeticiónoprofesordamateriaouoXefedoDepartamento.Paraelo,oseminarioposuiráunha copia por escrito da programación didáctica.
- Porarquivoelectrónico.Paraelo,ocentrodispóndunhapáxinawebdendeaquesepodedescargar aprogramacióndidáctica,aportadapoloseminario,paraasúa consulta.

**14.-ADDENDA**

**1.-Aprendizaxesimprescindiblesnonadquiridasnocursoanterior**

Amateriaobxectodestaprogramaciónnontenunhavinculacióndirectacoasmateriasqueselleimpartironaestealumnadonocursoanterior.

**2.-Transiciónaoensinononpresencial,sefosenecesario:actividadelectivasemipresenciale/ou non presencial**

.a Metodoloxíadidácticaensinosemipresencial

Durante os primeiros días de clase, en setembro, promoveranse accións formativas para amelloradacompetenciadixitaldoalumnadonecesariaparaoseudesenvolvementonamodalidadede ensinosemipresencialouadistancia.Domesmomodo,facilitaráselleaoalumnado a inscrición na aula virtual así como que se matricule no curso da materia obxectodesta programación. Garantirase que o alumnado coñeza o funcionamento do seu curso e dametodoloxíaqueseguiránohipotéticocasodeterquerealizaroensinoadistancia.

Nocasodasensinanzasdeadultostrátasedunhaactividadelectivasemipresencial.Impulsaranse por tanto metodoloxías activas axustadas ás necesidades concretas do alumnadoe grupo que fomenten no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora e. O uso derecursos tecnolóxicos serán un apoio para continuar co proceso formativo, desenvolvendo noalumnado actuacións que contribúan a que adquira as competencias clave e os obxectivos decursofixadosparaestamateria.

Demaneiraxeral,realizaranseasseguintesactividades:

- Os contidos das unidades didácticas referidas nas aprendizaxes imprescindibles serándesenvolvidos naaula.

- No caso de asistir a clase por videoconferencia será obrigatoria a conexión online segúnohorarioquesinaleocentroparaas clasesvirtuais
- EmpregosistemáticodaAulaVirtualdocentroparaarealizacióndastarefascomplementariaseprapprestarunhaatenciónespecificaacadaalumno,dadaaimposibilidadedefacelonunhahorasemanal.
- Resoluciónporpartedoalumnadodeexerciciosdecadatema.AAulaVirtualseráunhaferramenta habitual.
- Entregaporpartedoalumnadodetraballosplanificados.
- Outrasactividadesquefacilitenavaloraciónеoseguimentodasclasesvirtuaisasícomooprogres odoalumnado.

A constatación de que algún alumno/a presenta actividades das que non é autor/a implicaráautomaticamenteunhavaloraciónde0enditasactividades.Domesmomodo,candooprofesorado considere que as probas ou os traballos que se fagan de xeito non presencialprecisendunhaverificacióndeautoría,poderásellerequirirarealizacióndunhadefensaoral quedemostre a asimilación dos contidos por parte do alumnado que se atopará só nun espazo dasúacasa.

.b Procedementoseinstrumentosdeavaliaciónnaactividadelectivasemipresencial.

No caso do ensino de adultos trátase dun proceso de ensino-aprendizaxesemipresencial poloque os criterios e os instrumentos de avaliación veranse lixeiramente modificados. Deste modo,osexamesperdenpesonaporcentaxedanotaenfavordarealizacióndetraballosdeinvestigación,easíoscriteriosdeavaliaciónseránosseguintes:

- **Exame:50%**
- **Traballosdeinvestigacióneexposicións: 40%**
- **Participaciónactivaeimplicacióncotraballodiarionamateria:10%**

Os exames faranse na hora presencial. O alumnado pode enviar as actividades realizadas pordistintos medios ou colgalas na Aula Virtual se é o caso, respetando os prazos de entregaindicados.

### .c Metodoloxíadidácticaensinononpresencial

- **Aprendizaxes imprescindibles:**só se terán en conta os estándares deaprendizaxereferidosnaspáxinas8-13queacadenograomínimodeconsecucióndo100%entodasasunidadesdidácticas.Tratándosedunhalinguaclásicacomaogregopareceobvioqueocoñecementodoalfabeto,aflexiónnominal,pronominaleverbal,asícomounhanociónbásica da sintaxe da oración simpleforman parte deses contidos mínimos sen os calesresulta imposible calqueraaproximación ós textos orixinais quese verán en segundocurso.
- **Metodoloxía:**
  a os contidos das unidades didácticas serán explicados polo profesor a través daplataforma Webex ou outra proposta pola consellería, e mesmo a través da Aula Virtualcandosexaposible.
  b o emprego da Aula Virtual permite a realización das tarefas encamiñadas á mellorcomprensión e asimilación dos contidos teóricos, e permite unha interacción profesor-alumno,podendoasíadicarunhaatenciónespecíficaacadacaso.
  c a realización de traballos de investigación será un medio de profundizar naquelesaspectos queportempononsepodandesenvolvernasclases virtuais.

### .d Procedementoseinstrumentosdeavaliaciónnaactividadelectivanonpresencial.

- Obrigatoriedade de conexión online coa clase diaria e coa Aula Virtual do centro. Se unalumno no/a non se conecta de xeito habitual e sen causa xustificada comunicaráselle ótitoreserátidoencontaparaaavaliación.
- Sefoseposibleosexamesseríanpresenciais,senón,faríaseunexameporvideoconferencia acompañado de da realización de traballos específicos na Aula Virtual.No caso de exame online exisirase a maior visibilidade posible da meas e mansdoalumnado,conaudio.
- O alumnado deberá defender oralmente calquera proba, incluído o exame, para verificarasúaautoría;denonfaceloasíditaprobateráunhavaloraciónnegativa.
- Non se aceptarán traballos fóra do prazo indicado nin fóra dos cauces indicados poloprofesor/a.
- Todosostraballosesixidosserándecarácterobrigatorio.

### .e Medidasdeatenciónóalumnado condificultadesdixitais.

Undosprincipiosdecalqueraleieducativaé acompensacióndasdesigualdades.
Desde a administración e centros educativos débense establecer uns criteriose facilitar aoalumnado que o necesite, os recursos que lle permitan reducir esas desigualdades para contarcos medios dixitais, de conexión necesarios,... para poder optar a un ensino de calidade e encondiciónsdeigualdade.

Todo o alumnado recibirá unha formación inicial para coñecer as ferramentas da aula virtual.Aqueles alumnos/asconquenondispoñandeequiposdixitais(ordenadores,conexiónainternet,...) facilitaráselles en sistema de préstamo, desde os centros educativos, os recursosnecesariosparagarantirunaccesoencondiciónsaunensinononpresencial.

Se aínda así fose imposible o acceso a formación por vía telemática, estudiaríase a forma deproporcionarlle ao alumno en cuestión o acceso aos materiais básicos e ás tarefasa través daimpresióndos materiaisparaasúaposteriorposteriorentregadoxeitomáis seguro.